

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE ABRIL DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS** do día **CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e o concelleiro, **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Non asiste: **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**
Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPTE. 351/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUIMENTO, LABORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDA.**
- 3º.- **CONTRATOS MENORES.**
- 4º.- **EXPTE. 713/2018. NOMEAMENTO DO XURADO CUALIFICADOR DO IV CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO.**
- 5º.- **EXPTE. 639/2019. SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.**
- 6º.- **URBANISMO.**
- 7º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 8º.- **REQUERIMENTO Á DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE APROBACIÓN DEFINITVA DO PXOM DE SILLEDA**
- 9º.- **RECOÑECEMENTO DE ANTIGÜEDAD.**

1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;

- 06 de Marzo de 2019
- 12 de Marzo de 2019
- 14 de Marzo de 2019

2º.- **EXPTE. 351/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUIMENTO, LABORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDA.**

Visto o informe de Secretaría, de data 01 de marzo de 2019.

Visto o informe de Intervención 017/2019, de data 04 de marzo de 2019.

Visto que publicado anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

- Veolia Servicios Norte, S.A.U.
- Medancli, S.L.
- Ecocontrol Gestión Energética, S.L.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 02 de abril de 2019, na que se sinala:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUEMENTO, LOBORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDADA.

Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 02/04/2019 ás 11:10 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUEMENTO, LOBORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDADA, formada por D. Manuel Cuiña Fernández (Alcalde do Concello), que actuará como presidente; D. Lopoldo Moure Dopico (Interventor do Concello); D. David García Lareo (Secretario accidental do Concello), que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.

Están presentes na mesa, ademáis dos membros que a compoñen, D. Felipe Ovalle Pintor, representante da empresa Greenalia e D. Francisco Pereira Pedreira, representante da empresa Veolia.

Queda a Mesa constituída, e declara admitidas as seguintes proposicións:

- Núm. de rexistro de entrada: 1.292. Empresa: VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.
- Núm. de rexistro de entrada: 1.304. Empresa: ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA, S. L..
- Núm. de rexistro de entrada: 1.338. Empresa: MEDANCLI, S. L..

Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura dos sobres “A”, que conteñen a documentación administrativa, co seguinte resultado:

- Empresa: VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U. Non se observa defecto.
- Empresa: ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA, S. L. Non se observa defecto
- Empresa: MEDANCLI, S. L. Non se observa defecto.

Despois de comprobar as proposicións, xa que non se observou ningún defecto nas mesmas, procédese a abrir os sobres “B”, que conteñen a proposición económica e documentación cuantificable de forma automática, co seguinte resultado:

1.- Empresa: VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.

- Proposición económica: 31,09 puntos
- Outros criterios/melloras: 55,00 puntos
- **Total puntuación:86,09 puntos**

2.- Empresa: MEDANCLI, S. L.

- Proposición económica: 12,62 puntos
- Outros criterios/melloras: 60,00 puntos
- **Total puntuación:72,62 puntos**

3.- Empresa: ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA, S. L.

- Proposición económica: 11,70 puntos
- Outros criterios/melloras: 55,00 puntos
- **Total puntuación: 66,70 puntos**

Polo tanto, a mesa proponlle ao órgano de contratación a clasificación das ofertas na orde sinalada."

Polo exposto a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación a adjudicación do **"CONTRATO PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUIMIENTO, LABORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDADA"** a empresa VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., por presentar a oferta mais ventaxosa para o Concello.

Considerando a oferta mais ventaxosa a presentada por VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- ACEPTAR a proposta realicada pola Mesa de Contratación de data 02 de abril de 2019, en relación a contratación da obra por procedemento aberto do **"CONTRATO PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUIMIENTO, LABORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDADA"**, na que se propón para a contratación a empresa **VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.**, polo prezo de 82.351,59 €/anuais + IVE (99.645,42 €), así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirir a empresa **VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.** dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Terceiro.- Dacordo co establecido no artigo 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a empresa proposta deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Cuarto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

3º.- CONTRATOS MENORES.

3.1.- Expte. 589/2019. Repintado de sinalización horizontal no casco urbano de Silleda.

ANTECEDENTES. O artigo 118 da LCSP considera contratos menores os de obras por importe inferior a 40.000 euros. Estes contratos poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con

capacidade de obrar/contratar, que conte coa habilitación profesional necesaria, e co cumprimento, segundo dispón o artigo 118 da LCSP, das condicións que seguen:

- Que non existen prestacións adjudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Que a empresa seleccionada non foi adjudicataria doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de proceder a dita contratación solicitouse oferta a COVIASSTEC, S.L., a cal presenta en data 05 de abril de 2019 un orzamento de 38.016,53 € mais 7.983,47 € de IVE, o que fai un total de 46.000,00 €.

Visto que, polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, con data decembro de 2018, redactouse proxecto denominado "Repintado de sinalización horizontal en el casco urbano de Silleda", cun orzamento total de contrata de 46.079,39 € (IVE incluído).

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- Adjudicar o contrato menor de **“REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NO CASCO URBANO DE SILLEDA”** a empresa COVIASSTEC, S.L., CIF B32240210, por importe total de **46.000,00 €** – IVE incluído por valor de 7.983,47 € e base imponible 38.016,53 €.

2º.- Dar traslado deste acordo o adjudicatario e a Intervención municipal.

3.2.- Expte. 531/2019. Revisión da estrutura da Casa da Cultura de Silleda.

ANTECEDENTES. De acordo co artigo 118 da LCSP se consideran contratos menores os contratos de obras por importe inferior a 40.000 euros e os de servizos e suministros por importe inferior a 15.000 euros. Estes contratos poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria. Pode tamén afirmarse, de conformidade co artigo 118 da LCSP:

- Que non existen prestacións adjudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.

- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.

-Que a entidade non foi adjudicataria doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de verificar a situación da estrutura da casa da cultura e dar cumprimento ao resultado do referendo no que se decidiu trasladar a mesma a casa consistorial solicitáronse e recibíronse as seguintes ofertas:

- Calderón y asociados Ingeniería ambiental S.L.P 11.500 + IVE
- Carlos Losada Soto 10.650 + IVE
- Francisco Carballo Arquitectos 8.780 + IVE

Visto que a oferta economicamente máis ventaxosa é a presentada por Francisco Carballo Arquitectos

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- Adxudicar o contrato menor de “**REVISIÓN DA ESTRUCTURA DA CASA DA CULTURA DE SILLEDA**” a empresa FRANCISCO CARBALLO ARQUITECTOS, S.L.P., CIF B70076880, por importe total de **10.623,80 €** – IVE incluído por valor de 1.843,80 € e base imponible 8.780,00 €.

2º.- Dar traslado deste acordo o adxudicatario e a Intervención municipal.

4º.- EXPTE. 713/2018. NOMEAMENTO DO XURADO CUALIFICADOR DO IV CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO.

Vista a proposta da concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, M^a Pilar Peón Iglesias, de data 26 de marzo de 2019, que literalmente dí:

"Eu, Pili Peón Iglesias como concelleira de Educación do Concello de Silleda,

EXPOÑO:

Que unha vez publicadas as bases e aberto o prazo para participar, os centros de ensino municipais, no IV Concurso de cómic da biblioteca pública municipal Daniel Castelao, é preciso nomear un xurado cualificador para que eleve unha proposta dos/as gañadores/as á Xunta de Goberno local ao ser este o órgano competente para outorgar os premios.

Polo antedito, PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local o nomeamento de:

- Francisco Alén Pena, técnico da Concellería de Cultura*
- Teresa González Barrio, bibliotecaria municipal*
- Vanesa Barcala Morais, ilustradora e deseñadora gráfica*

*como xurado cualificador dos traballos que se presenten.
Silleda, 26 de marzo de 2019"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación a proposta de nomeamento do xurado cualificador do IV Concurso de Cómic Biblioteca Pública Municipal Daniel Castelao, anteriormente transcrita.

5º.- EXPTE. 639/2019. SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

Vista a proposta da concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, M^a Pilar Peón Iglesias, de data 01 de abril de 2019, que literalmente dí:

"Eu, María del Pilar Peón Iglesias como concelleira de Benestar Social, Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Comunicación Social e Normalización Lingüística do Concello de Silleda,

EXPOÑO QUE:

Visto, que con data 29 de marzo de 2019 se publica no DOG nº 62, a Orde pola que se establecen as bases para a concesión de Subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PL400A)

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo de solicitude das anteditas subvencións para o desenvolvemento da dinamización lingüística do Concello de Silleda, a través o Programa de Fomento da lingua galega que comprende as actividades: VIII Concurso de Microrrelatos e Campaña de actualización: paneis informativos nas instalacións deportivas municipais

*Pili Peón
Concelleira de Normalización Lingüística
Silleda, 1 de abril de 2019"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación a proposta anteriormente transcrita e solicitar unha subvención para o desenvolvemento da dinamización lingüística do Concello de Silleda, a través o Programa de Fomento da lingua galega que comprende as actividades: VIII Concurso de Microrrelatos e Campaña de actualización: paneis informativos nas instalacións deportivas municipais.

6º.- URBANISMO.

6.1.- Expte. 429/2017. Rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional. Susana Varela Vieites e Juan Manuel Casares González.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Susana Varela Vieites y Juan Manuel Casares González, Rexistro de Entrada 1447 de data 29 de marzo de 2017, para rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional, no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 26 de novembro de 2018, acordouse:

"CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a SUSANA VARELA VIEITES e JUAN MANUEL CASARES GONZÁLEZ para rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E508005570000HS, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria (parcela 557, polígono 8 da ZCP de Moalde)
2. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
3. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.
4. Estudo ou estudo básico de seguridade e saúde.
5. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
6. Folla de edificación e estatística cumprimentada.
7. Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes."

Visto o informe emitido o 15 de marzo de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante Susana Varela Vieites e Juan Manuel Casares González
Data de rexistro 03.XAN.2019, Nº 2019-E-RC-19, Expediente 429/2017
12.FEB.2019, 2019-E-RE-36,
05.MAR.2019 e 2019-E-RE-55 e
12.MAR.2019 2019-E-RE-65
Solicitude Rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional
Tipo de Solicitude Obra Maior Superficie construída: 1323,15 m2
Emprazamento Lugar de Lis, Moalde
Referencia catastral 36052E508005570000HS Superficie Catastro: 36.263 m2
Autor do Proxecto Zara M Villaverde Pena e José Luis Rodríguez González, arquitectos Colexiados 3862 e 2897, respectivamente
Proxecto Execución. Visado polo Colexio Oficial 25.DEC.2018, nº 1807084
Dirección de Obra Zara M Villaverde Pena e José Luis Rodríguez González, arquitectos Colexiados 3862 e 2897, respectivamente
Dirección de Execución José Castor Campos Rodríguez
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.) 247.010,85 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 564.700,50 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

- 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
 14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítese informe técnico documentación aportada por Susana Varela Vieites e Juan Manuel Casares González, presentada con R.E. 2019-E-RC-19, 2019-E-RE-36, 2019-E-RE-55 e 2019-E-RE-65 de 03.XAN.2019, 12.FEB.2019, 05.MAR.2019 e 12.MAR.2019 respectivamente. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Zara M Villaverde Pena e José Luis Rodríguez González, arquitectos colegiados 3862 e 2897, respectivamente.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O Concello de Silleda, en Xunta de Goberno Local do día vinteseis de novembro de dous mil dezaioito, concedeu licenza municipal de obra para o proxecto básico presentado, no que se condicionaba o inicio das obras á presentación e revisión da seguinte documentación:

3.1 Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria (parcela 557, polígono 8 da ZCP de Moalde)

3.2 Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.

3.3 Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.

3.4 Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.

3.5 Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

3.6 Folla de edificación e estatística cumprimentada.

3.7 Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes.

INFORME TÉCNICO:

4. A documentación aportada polos promotores e que consta no expediente

DOCUMENTO	REXISTRO DE ENTRADA
4.1 Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria (parcela 557, polígono 8 da ZCP de Moalde)	2019-E-RE-65
4.2 Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.	2019-E-RE-55
4.3 Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.	2019-E-RC-19
4.4 Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.	2019-E-RC-19

DOCUMENTO	REXISTRO DE ENTRADA
4.5 Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.	2019-E-RC-19 2019-E-RE-36
4.6 Folla de edificación e estatística cumprimentada.	2019-E-RE-55
Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes.	2019-E-RC-19

Polo que o técnico que subscribe considera que a documentación requirida consta no expediente. Por outra parte, constatouse que o proxecto de execución presentado é conforme ao proxecto básico que tivo licenza en Xunta de Goberno Local do día vinteseis de novembro de dous mil dezaoto, polo que se propón para autorizar o inicio da obras."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a SUSANA VARELA VIEITES e JUAN MANUEL CASARES GONZÁLEZ para rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E508005570000HS,

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
564.700,50	564.700,50	2,25 %	12.705,76	5.557,74	7148,02

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

INFORME:

3. Vista a solicitude presentada, en tempo e forma, e dado que a ordenación urbanística non sufriu alteracións desde o momento da concesión da licenza (Xunta de Goberno Local de día 25 de agosto de 2015), polo que se entende que procede a concesión da prórroga solicitada, salvo mellor criterio."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA conceder a prórroga solicitada por MANUEL VILLANUEVA MEDA para a execución da obra "ampliación de capacidade de almacenamento de taller de pirotecnia no lugar de Bazar, 7, na parcela con referencia catastral 36052F50200085 e 36052F50210086".

6.3.- Expte. 253/2019. Instalación de piscina. Noemí Lázara Vázquez.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Noemí Lázara Vázquez, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-26 de data 07 de febreiro de 2019, para instalación de piscina na rúa Tras da Igrexa (Silleda), segundo o proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Jesús Rodríguez Núñez.

Visto o informe emitido o 21 de marzo de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

'Solicitante	Noemi Lázara Vázquez		
Data de rexistro	07.FEB.2019	Nº 2019-E-RE-26	Expediente 253/2019
Solicitude	Instalación de piscina		
Tipo de Solicitude	Obra Maior		Superficie construída: 113,58 m2
Emprazamento	Rúa Trasdaigreja, Silleda		
Referencia catastral	36052K504004570001RK		Superficie Catastro: 465 m2
Autor do Proxecto	Jesús Rodríguez Núñez, Arquitecto técnico COAATIE 785		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 06/02/2019		
Dirección de Obra	Jesús Rodríguez Núñez, Arquitecto técnico COAATIE 785		
Dirección de Execución			
Exposición pública	BOP	DOGA	Prensa
Orzamento (P.E.M.)	11.133,62 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

4 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

5 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

6 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

7 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

8 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

9 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

10 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

11 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

12 Planeamento do Concello de Silleda

- 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Noemi Lázara Vázquez, presentada con R.E. 2019-E-RE-26 de 07.FEB.2019. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Jesús Rodríguez Núñez, Arquitecto técnico COAATIE 785 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo Urbano, ordenanza Parque Urbanizado, P.U.. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Instalación de piscina, está clasificado como solo urbano, Ordenanza 4.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 29 do PXOM, "Espacio en Ordenación Abierta, destinado principalmente a vivienda unifamiliar y usos complementarios de carácter público, con espacios ajardinados rodeando a la edificación en calidad de áreas libres que serán plantadas y ajardinadas a cargo de los propietarios." O uso está vinculado ao de vivenda unifamiliar, si autorizable neste ámbito."

6. Cumprimento dos artigos 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprarán as seguintes: As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

SI

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Non procede
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Non procede
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Non procede
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Non procede
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

8. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

9. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a NOEMÍ LÁZARA VÁZQUEZ para instalación de piscina na rúa Tras da Igrexa (Silleda) parcela con referencia catastral 36052K504004570001RK, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

6.4.- Expte. 15/2019. Ampliación de explotación de porcino. Luis Alberto Ríos Troitiño.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Luis Alberto Ríos Troitiño, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RE-220 de data 28 de decembro de 2018, para ampliación de explotación de porcino no lugar de Forcas, parroquia de Laro (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión.

Visto o informe emitido o 22 de marzo de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante Luis Alberto Ríos Troitiño
Data de rexistro 28.DEC.2018 N° 2018-E-RE-220 Expediente 15/2019
Solicitude Ampliación de explotación de porcino
Emprazamento Forcas, Laro
Referencia catastral 36052A072004330000KI Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral n/d X: 563310.94 m Y: 4720978.53 m
Clase de solo Solo rústico Superficie construída: 1695,7 m²
Autor do Proxecto Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 579
Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 19/12/2018, nº 20180457
Dirección de Obra Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 579
Oficio de Dirección Visado polo Colexio Oficial 19/12/2018, nº 20180457
Dirección de Execución n/d
Oficio Direc. Execución
Orzamento (P.E.M.) 20.072,00 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 27.293,76 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
 - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 15/2019, de solicitude de licenza asinada por Luis Alberto Ríos Troitiño, presentada con R.E. 2018-E-RE-220 de 28.DEC.2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 579.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exigencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Ampliación de explotación de porcino, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

9. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou crien animais, e instalacións apícolas. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

10. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 17 da Lei do Solo de Galicia.

11. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

CUMPRE

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

SI

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

SI

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

SI

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

SI

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

SI

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

SI

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

SI

- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse

e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Non procede

SI²
Non procede

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumpriran as seguintes: As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

SI

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

35.1.h)

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

SI

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

SI

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

SI

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

N/d

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

12. Segundo a disposición Transitoria Décimo cuarta “Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes” da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e na Disposición transitoria terceira “Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia” do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

(...)

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

12.1 A explotación conta con recoñecemento das edificacións, tramitado consonte á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Circular Informativa 1/2003, de 31 de xullo, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; documentación obrante neste departamento técnico de Urbanismo, vías e obras, mediante acordo de xunta de goberno local do día 9 de setembro de 2004, polo que se recoñecen as seguintes edificacións:

12.1.1 Edificación destinada a establo vacún, cunha superficie construída total de 701,40 m² en planta baixa.

12.1.2 Edificación destinada a foxa, cunha superficie construída total de 101,75 m².

12.1.3 Edificación destinada a palleira, cunha superficie construída total de 707,00 m² en planta baixa.

12.1.4 Edificación destinada a pozo de auga, cunha superficie construída total de 11,40 m² en planta baixa.

12.1.5 Edificación destinada a oficinas, cunha superficie construída total de 21,75 m² en planta baixa.

12.2 Porén, segundo o establecido na Disposición transitoria terceira. Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, parágrafo segundo, “O sinalado neste número non exclúe a posibilidade de que, de ser o caso, poidan acollerse ao réxime establecido na disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro. Nese caso, as posibilidades de ampliación axustaranse ás condicións de edificación contidas no artigo 39.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no planeamento urbanístico correspondente.” O proxecto xustifica o cumprimento deste artigo 39 da Lei do Solo.

13. Con respecto á avaliación de incidencia ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto no artigo 38 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao non tratarse de “modificación substancial” definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

Artigo 38. Modificacións substanciais de actividades sometidas a declaración de incidencia ambiental

1. Estarán tamén sometidas a previa declaración de incidencia ambiental as modificacións substanciais das actividades comprendidas no anexo.

2. Consideraranse substanciais as modificacións das instalacións ou procesos vinculados á actividade de cuxa realización derive a superación dos seguintes limiares:

a) O incremento superior ao 50 % da capacidade produtiva da instalación.

b) O incremento superior ao 50 % das materias primas empregadas no proceso produtivo.

c) O incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50 %.

d) O incremento superior ao 25 % das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.

e) O incremento superior ao 50 % da vertedura de augas residuais.

f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estaren inicialmente previstos.

g) O incremento nun 25 % dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.

h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por riba do 25 % de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.

i) A aplicación dos limiares sinalados no parágrafo 1 terá carácter acumulativo durante todo o tempo de desenvolvemento da actividade.

3. Nas modificacións das actividades comprendidas no anexo que non teñan a consideración de substanciais observarase o previsto no artigo 27 desta lei.

14. Canto aos parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto.

15. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

16. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup.	€/m ²	Tipo de obra	C ₁	Tipo de uso	C _u	C _g	
Soto	1	162,00	520	Edificación illada (4 fachadas)	1,2	Granxas	0,3	0,9	27.293,76 €
TOTAL		162,00 m ²					PEM		27.293,76 €

Taxas

ICIO	2,25% de	27.293,76 €	614,11 €
Informe técnico			60,00 €
			TAXA 674,11 €

18. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

18.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

18.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE3: tO7fdLxJFO

19. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación de porcino solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a LUIS ALBERTO RÍOS TROITIÑO para ampliación de explotación de porcino, no lugar de Forcas, parroquia de Laro (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A072004330000KI, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Segundo o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Que de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €

27.293,76	27.293,76	2,25 %	614,11	0,00	614,11
-----------	-----------	--------	--------	------	--------

Terceiro.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da *notificación* debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

6.5.- Expte. 2295/2018. Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar. María Anita Taboada Bernárdez.

Vista a solicitude de licenza, presentada por María Anita Taboada Bernárdez, Rexistro de Entrada nº 1633 de data 04 de abril de 2017, para substitución de cuberta de vivenda unifamiliar no lugar de Besteiros, parroquia de Piñeiro (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Natalia Campos Ferro.

Visto o informe emitido o 03 de abril de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

<i>'Solicitante</i>	<i>Taboada Bernárdez, María Anita</i>	
<i>Data de rexistro</i>	<i>04.ABR.2017</i>	<i>Nº 1633</i>
<i>Solicitude</i>	<i>Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar</i>	<i>Expediente</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar de Besteiros, Piñeiro. Silleda</i>	
<i>Referencia catastral</i>	<i>X0010070000000001EQ.</i>	
	<i>Parcela: 36052D501060060000XU</i>	<i>Coordenadas UTM 29 ETRS89:</i>
<i>Parcela rexistral</i>	<i>n/d</i>	<i>X: 555217.01 m Y: 4734061.07 m</i>
<i>Clase de solo</i>	<i>Solo rústico</i>	<i>Superficie construída: 150 m2</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Natalia Campos Ferro, Arquitecta Colexiada 4382</i>	
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial</i>	
<i>Dirección de Obra</i>		
<i>Dirección de Execución</i>		
<i>Orzamento</i>	<i>(P.E.M.) 12.034,12 €</i>	<i>P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
 - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente , de solicitude de licenza asinada por Taboada Bernárdez, María Anita, presentada con R.E. 1633 de 04.ABR.2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Natalia Campos Ferro, Arquitecta colexiada 4382. Preténdese o cambio da cuberta da edificación, proxectando unha nova de lousa de formigón armado.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.
4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.
5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exixencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoiar solucións

alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional.

9. A rehabilitación de vivendas anteriores a 1975 está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Nas ortofotos do voo americano do ano 1956 apréciase a existencia dunha edificación nese emprazamento.

10. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumpriran as seguintes:As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Rehabilitación
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Si
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación	N/d

urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

11. Canto aos parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto.

12. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, por non ser de aplicación no proxecto.

13. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

14. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Real Decreto 2267/ 2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

15. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (plano nº X e punto X da memoria).

16. Consta na documentación a certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

17. O proxecto presentado xustifica o tratamento de augas residuais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

18. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o tratamento de augas, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

19. O proxecto presentado xustifica o abastecemento de auga, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

20. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o abastecemento de auga, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

21. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

22. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

23. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

23.1 Dirección General de Ferrocarriles.

23.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE2: M3CFSVCQK9PN5PCHW82123176G

24. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, coa advertencia expresa de que a licenza concedida abrangue exclusivamente a construción dunha cuberta, e que para a rehabilitación exterior será preciso a tramitación dunha nova licenza para a que deberá aportarse un novo proxecto redactado por arquitecta/o.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a MARÍA ANITA TABOADA BERNÁRDEZ, para substitución de cuberta de vivenda unifamiliar no lugar de Besteiros, parroquia de Piñeiro (Silleda), parcela con referencia catastral X0010070000000001EQ - Parcela: 36052D501060060000XU, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Segundo o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Que de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito

indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

Que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
12.034,12	12.034,12	2,25 %	270,77	0,00	270,77

Terceiro.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da *notificación* debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

6.6.- Expte. 249/2019. Devolución ICIO. David Ferradás Sánchez en representación de GANADERÍA PONTE, S.L.

Vista a solicitude presentada por David Ferradás Sánchez en representación de GANADERÍA PONTE, S.L., Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4600 de data 31 de outubro de 2018, para de devolución de ICIO correspondente a obra ampliación de explotación de vacún, no lugar de Sino, 15, parroquia de Ponte (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xuño de 2013 acordouse:

"Conceder licenza urbanística e provisional de actividade a David Ferradas Sánchez, actuando en representación de GANDEIRIA PONTE S.C., con CIF V-94028156, para ampliación de de cortes de vacún, en base ao proxecto denominado "Ampliación de explotación vacún" redactado polo enxeñeiro Francisco Pérez Donsión con visado colexial de 19 de outubro de 2011"

Visto o informe emitido o 03 de abril de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	David Ferradás Sánchez, e.r. GANADERÍA PONTE	
Data de rexistro	31.OCT.2018	Nº 2018-E-RC-4600
Emprazamento	O Sino, nº15, Ponte	Expediente 249/2019
Referencia catastral	36052G50400264	
ASUNTO:	Devolución de ICIO	

ANTECEDENTES:

1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda do día vinteseite de xuño de 2013 concedeu licenza para a ampliación de explotación de vacún ao solicitante do encabezamento.

2. Por escrito de día 31 de outubro de 2018 (R.E.2018-E-RC-4600 de 31 de outubro de 2018), expón que non se van levar a cabo as actuacións pretendidas por cese de actividade, polo que solicita a renuncia á licenza concedida e a devolución do imposto do ICIO.

INFORME:

3. Xirada visita de inspección o día 3 de abril de 2019, constátase que estas obras están sen executar, como se aprecia na fotografía que se xunta.

4. Por tanto, infórmase favorablemente a solicitude e proponse para a anulación da licenza e a devolución dos impostos segundo establece a lexislación vixente."

Visto que polo petionario, con data 07 de febreiro de 2014 realizouse transferencia por importe de 2.362,39 € en concepto de ICIO.

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, GANADERÍA PONTE S.C. a devolución do ICIO solicitada.

7º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

7.1.- Expte. 763/2018. Escrito de Verónica Areán López, en representación de OBRAS E PROXECTOS NAERA, S.L., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-935, de data 08 de marzo de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra de EQUIPAMENTO E MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE, por importe de 1,099,08 € realizada en efectivo o 21 de outubro de 2016.

VISTO que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 26 de marzo de 2019 emítase o seguinte informe:

"Solicitante	Areán López, Verónica, e.r. OBRAS E PROXECTOS NAERA, S.L.		
Data de rexistro	08.MAR.2018	Nº 2018-E-RC-935	Expediente 03/03/2018
Emprazamento	A Bandeira		
Obra	Equipamento e mellora do Centro Cultural Vista Alegre		
ASUNTO	Devolución de aval		

INFORME:

1. Consta no expediente acta de recepción de obra asinada o día 16 de setembro de 2016, por tanto, os prazos de garantía legalmente establecidos estarían superados no momento da solicitude de devolución de aval.

2. Non consta nesta oficina técnica de urbanismo, vías e obras escrito algún ou expediente de reclamación sobre algunha eventual incidencia desta obra.

3. Por tanto, estímase conveniente a devolución do aval depositado polo contratista."

VISTO que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada, logo da revisión do Arquitecto.

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **OBRAS E PROXECTOS NAERA, S.L.**, correspondente a obra de EQUIPAMENTO E MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE, por importe de **1.099,08 €** constituido en efectivo en data 21 de outubro de 2016.

8º.- REQUERIMENTO Á DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE APROBACIÓN DEFINITVA DO PXOM DE SILLEDA

(Ao amparo do art. 44 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa)

Á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo –logo de 3 anos da aprobación provisional plenaria en Marzo 2016- DIANTE DA PARALIZACIÓN DA APROBACION DEFINITIVA DO PXOM por mor do informe desfavorable de AUGAS DE GALICIA, sustentado na necesidade de "acreditar a suficiencia dos recursos hídricos", ignorando as alegacións e documentación aportada polo Concello sobre a legalización das traídas de auga de Silleda e Bandeira tramitadas polos Ministerios competentes, Deputación e a propia XUNTA no caso de Bandeira (Desde 1958), e, **despois de rectificar tal esixencia, finalmente, por "non estar inscrita a concesión no Rexistro de Augas"**.

Requerimento que se efectúa en virtude do art. 44 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), sobre a seguinte:

Base xurídica/procesual:

Art. 44.1. "...cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada.

2. El requerimiento deberá dirigirse al órgano competente mediante escrito razonado que concretará la disposición, acto, actuación o inactividad, ...

3. El requerimiento se entenderá rechazado si, dentro del mes siguiente a su recepción, el requerido no lo contestara.

Despois dos últimos trámites que se resumen na aprobación plenaria de 31 de Maio 2018 reclamando a aprobación definitiva, coa resposta de que faltaba o Informe de Telecomunicacións e varios arquivos dixitais por asinar –co cumprimento previo de dilixenciar tódolos documentos e planos en formato dixital-, se formula este **REQUERIMIENTO** como trámite previo a **INTERPOSICION de CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO**, si dentro de UN MES –art.44.3 da LJCA- non se contesta, en base aos seguintes feitos e razoamentos xurídicos:

I. Sobre a documentación do PXOM, que consta na XUNTA

I. ANTECEDENTES MEDIATOS/INMEDIATOS SOBRE A DOCUMENTACIÓN ENVIADA A XUNTA.

Entrega PXOM. En data 11-04-2016 presentouse no Rexistro Central da XUNTA o PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL –xunto coa Acta da aprobación provisional en Pleno de 18 Marzo 2016-, ao que seguiron 5 comunicacións entre as partes, en resumo, para completar a documentación – a mais importante xa entregada por EPTISA, igualmente-, amén de contactos e reunións varias, solicitando se procedera a aprobación definitiva por parte da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

En todo caso, se aclara, para evitar repeticións innecesarias, que se citan os trámites esenciais, e por economía e eficacia procesual, a efectos deste Requerimento, remitíndonos a documental óbrante na Consellería para mais detalle.

En data 26-04-2016 –registro saída da XUNTA- se interesou unha serie de documentación para completar o expediente. En contestación a mesma se achegaron os documentos seguintes:

- Oficio remisión e informe de Intervención. Aprobación inicial.
- Oficio remisión e informe de Secretaría.
- Oficio remisión e informe de Urbanismo.
- Oficio remisión e certificación aprobación inicial a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
- Oficio remisión e certificación aprobación inicial a Administración do Estado, Delegación de Economía.
- Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio
- Informe xurídico de Secretaría con motivo da aprobación provisional en pleno do 18 de Marzo de 2016
- 2 DVD co contido do o PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL (PXOM) do Concello de SILLED A elaborado por EPTISA en formato editable, con dilixencia de Secretaría.
- 2 DVD co contido do o PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL (PXOM) do Concello de SILLED A elaborado por EPTISA en formato non editable con dilixencia de Secretaría.

Mais solicitudes de documentación. En data 6 Abril 2016, rexistro central Xunta nº 355 900633, se envía outra tenda de documentación interesada -se adxunta os xustificantes-. En data 7 de Xuño, se nos require máis documentación, que tamén se cumprimentou.

En data 16 Setembro 2016 –rexistro saída de 14-09- nos volveron a requirir documentación –a que nos remitimos para evitar maiores repeticións-, ata un total de 17 documentos a cumprimentar, e que se enviaron.

A notificación de data 27-12-2017, requirindo de novo documentación incompleta, se lle contestou deste xeito:

“ ... Desborda os límites do asumible, ao soste que “non se lles enviou a documentación da aprobación inicial e provisional do PXOM”. Non pode ser... O Concello de Silleda non ten porque soportar tal nivel de lixeireza. Amén de que obviamente consta o envío de toda a documentación –se achega o rexistro do máis salientable-, sirva como botón de mostra que nos 2 últimas notificacións (De Xuño e Setembro) se nos esixía a demostración da “dispoñibilidade de recursos hídricos”. En iso estamos desde Setembro, en acreditar que existe auga. Xa, o resto da documentación a daban por cumprimentada. É incuestionable. Compre lembrar que, por riba, atopáronse os expedientes dos Proxectos de Captación de Auga de Silleda e Bandeira, executados, a 1ª fase, no ano 1953. Por tanto, esta probado que se dispón desa titularidade do uso de recursos hídricos, polo que xa non procede legalizar de novo a traída de augas, que é o que esixe Augas de Galicia e Dir. Xeral para poder aprobar o PXOM.

Partindo deses feitos irrefutables, nen sequera o erro nese escrito é excusable. Non se pode tolerar que a Directora Xeral de Urbanismo se dirixa ó Alcalde dicíndolle que “falta por enviar a documentación aprobación inicial e provisional do PXOM. O Alcalde. Asinado 28-12-2017”

Acordo plenario de 31 de Maio de 2018 e previo da XGL de 27 Novembro 2017. Adoptouse ese acordo plenario e da Xunta de Goberno que sintetiza todo o proceso, reclamando a aprobación definitiva, que foi rexeitado novamente. Tampouco se tivo resposta por parte da Presidencia da XUNTA de Galicia, a quen se lle pediu que mediará no caso e unha audiencia para explicarlle persoalmente a situación, avalada por 8 concelleiros (7 PSOE e 1 BNG) e coa abstención do PP (4).

Tramitación pendente. A aprobación definitiva do PXOM de Silleda, segundo nos comunicou a Dirección Xeral o 26-01-2018, quedou pendente de:

- Dilixenciar polo Secretario o Proxecto e Cartografía en formato dixital.
- Certificado de silencio positivo no Informe de Patrimonio.
- Informe do Ministerio. (Telecomunicacións).
- Informe de AUGAS de GALICIA (O substancial, coa necesidade de que sexa positivo, vinculante para a Dir. Xeral).

DILIXENCIADO DIXITAL. Coa aclaración de que xa estaba cumprimentada/dilixenciada en formato papel e de que se enviaron o 26 de Abril de 2016 4 DVD, en formato tanto editable coma non editable, en ambosdous casos dilixenciados por Secretaría, agora se nos esixe, de novo, que se remita todo o expediente, incluíndo a cartografía, en modo dixital. Se cumprimentou en data 1 Outubro de 2018 –solo a sinatura polo Secretario supuxeron 17 días, como curiosidade-, con rexistro central na Xunta, e con este oficio que se transcribe:

“Se achega a documentación da aprobación provisional do PXOM, xa cumprimentada en papel, en formato dixital, co contido seguinte:

- **1 DVD** co contido e a denominación de “PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL (PXOM) de SILLEDA”, elaborado por EPTISA, con dilixencia de Secretaría, correspondente a fase de aprobación inicial, cos datos técnicos que seguen:

-1.381 arquivos, con 2,08 GB en 22 carpetas.

- **3 DVD** co contido e a denominación de “ PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL (PXOM) de SILLEDA”, elaborado por EPTISA, con dilixencia de Secretaría, correspondente a fase de aprobación provisional, cos datos técnicos que seguen:

-DVD nº 1: 540 arquivos, 3,90 GB en 3 carpetas.

-DVD nº 2: 3,21 GB.

-DVD nº 3: 1,82 GB.

NOTA: SE PRESENTA NO ARQUIVO CENTRAL DA XUNTA POR SECRETARÍA. Silleda a 1 de Outubro 2018.O ALCALDE

Documentación completa. Todos os documentos requiridos foron cumprimentados. Nos dixitais quedaron unhas pequenas correccións que se remitiron aos técnicos informáticos e Gestiona. O mais importante, o Informe do Ministerio de Economía y Empresa (Dirección Xeral de Telecomunicacións), que era negativo, foi rectificado –logo da documentación enviada polo concello- en data 21-Xaneiro-2019, INFORMANDO FAVORABLEMENTE O PXOM.

Partindo destes feitos, os mais relevantes –remitíndonos a documentación óbrante, procede analizar as cuestións que seguen:

II. Sobre a “insuficiencia dos recursos hídricos” e o rexistro da concesión

II.1. Xurde un problema non citado durante o último ano: a “suficiencia de recursos hídricos”.

Previamente, hai que facelo constar, en Xuño do 2017, nos esixiron, por parte de AUGAS de GALICIA que deberiamos legalizar as redes de auga veciñais, ao que se lle respondeu:

A) Sobre a legalización das redes veciñais. *A petición da xustificación por parte de AUGAS de GALICIA sobre que “...hai redes veciñais sen regularizar...” así como que se demostre a súa titularidade xurídica resulta incomprendible/inadmisible xa que, si é así, que se encargue AUGAS, non o Concello, en tanto que é o organismo titular da concesión das captacións de auga, así como da súa vixiancia e control –si existen captacións ilegais súa é a responsabilidade de corrixilas-, en primeiro lugar, máxime cando dispoñemos dun informe favorable, aínda que con observacións de 10/10/2013 en segundo porque é incomprendible. Non se pode plantexar que sexa o Concello que realice esa tarefa. Certo que somos os impulsores do PXOM, pero non menos certo é que se esta requirindo algo que compete en exclusiva a AUAS de GALICIA. Para rematar, esa “xustificación da titularidade xurídica”, por outra parte, nos levaría a un proceso de requirir a uns 100 núcleos de poboación que aportaran a documentación da que dispoñen sobre as captacións/pozos –inexistente en moitos casos-. Chegados a tal extremo hai que dicir que non, ¡no se pode facer tal esixencia 3 anos despois da aprobación inicial e logo de outro ano e medio dende a aprobación provisional!.*

Logo de completar a documentación esixida, se recibe notificación da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, de data rexistro 17/07/2017, no que, en síntese – sen prexuízo de outras observacións xa cumprimentadas-, se centra en que para a aprobación definitiva do PXOM –aparte das captacións anteditas, que acabaron rectificando- é imprescindible demostrar a “suficiencia de recursos hídricos”, seguindo o criterio marcado polas dúas sentencias do Tribunal Supremo que cita, lembrando que se interpreta “de forma estrita o concepto de suficiencia de recursos hídricos para as novas demandas previstas ao equiparalo a dispoñibilidade xurídica acreditada a través do correspondente título administrativo concesional”.

II.2. Concreción da problemática actual: demostración da suficiencia de recursos hídricos.

Logo dese escrito da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, de data rexistro 17/07/2017 (que se engade ao do 02/06/017), no que, en síntese – sen prexuízo dos outros trámites antes sinalados- se centra en que para a aprobación definitiva do PXOM é imprescindible demostrar a:

“...suficiencia de recursos hídricos”,

seguindo o criterio marcado polas dúas sentencias do Tribunal Supremo que cita, lembrando que se interpreta

“...de forma estrita o concepto de suficiencia de recursos hídricos para as novas demandas previstas ao equiparalo a dispoñibilidade xurídica acreditada a través do correspondente título administrativo concesional”.

Informe municipal sobre a suficiencia dos recursos hídricos. Amén da disquisición xurídica, o Concello encargou un traballo ao Enxeñeiro de Camiños, Roman Gomez Fraiz, sobre tal cuestión, que se adxunta, con esta conclusión final:

CONSIDERACIÓN FINAL

En el presente estudio:

- *Queda clara la procedencia del agua potable de abastecimiento para la demanda actual y futura.*
- *Se han considerado todos los habitantes como fijos en cuanto al cálculo de la demanda, incluidos los de las Unidades de Ejecución recogidas en el Planeamiento.*
- *El caudal de recursos hídricos disponibles es favorable para la **Red de Silleda** en **7.553,73 m³/año**, frente a la demanda futura, y para la **Red de Bandeira** en **24.603,88 m³/año**.*

Por lo aquí expuesto y en el resto del documento, se concluye con que la disponibilidad física de los recursos hídricos necesarios en el término municipal de Silleda podría cubrir las demandas generadas, tanto para la Red de Silleda como para la Red de Bandeira, en cantidad y calidad, por lo que el desarrollo planteado por el “Plan Xeral de Ordenación Municipal”, en cuanto al abastecimiento de los núcleos urbanos y zonas adyacentes, sería viable. Noviembre 2017. Firmado Roman Gomez Fraiz. Ingeniero Caminos. Colegiado 33.103.

II.3. Análise das consideracións a que a esixencia de recursos hídricos provén da “nova xurisprudencia” do T. Supremo.

A esencial argumentación da Dirección Xeral e de Augas de Galicia, en canto a suficiencia de recursos hídricos, se basea en que “obedece ao criterio xurisprudencial fixado polo T.S. tralas sentenzas de nº 2577/2016 e 278/2017” (casos dos concellos de Monterrei e Verin, e coa aclaración pola nosa parte de que houbo 10 motivos de impugnación, non só o suposto dos recursos hídricos). Non basta con que exista a dispoñibilidade material, a auga fisicamente, senón que se demostre que se dispoñen das concesións demaniais, sostén o Supremo.

Extracto parcial das sentenzas nº 2577/2016 e 278/2017 do TS sobre o fondo desta cuestión:

“La doctrina y la jurisprudencia respecto del [art. 25.4](#) de la [Ley de Aguas](#) al estudiar el mismo exige la suficiencia de recursos hídricos para el desarrollo urbanístico señalando necesaria la suficiencia y disponibilidad de los mismos...Se trata de conceptos que se ubican en dos planos distintos: la suficiencia hace referencia a la

existencia de recursos hídricos bastantes, en tanto que la disponibilidad se concreta en la posibilidad de aplicar los recursos hídricos existentes a la actuación urbanística en cuestión, lo cual requiere del correspondiente título administrativo concesional. ...El art. 25.4 de la Ley de Aguas establece que "el informe de la Confederación Hidrográfica se pronunciará expresamente sobre la existencia o inexistencia de recursos suficientes para satisfacer demandas", lo cual plantea si sólo ha de estarse a la suficiencia de recursos hídricos o, por el contrario, también se engloba en el concepto la disponibilidad sobre los mismos...

En este punto, también es muy frecuente la alegación de actuaciones proyectadas para satisfacer necesidades hídricas en un futuro, más tales actuaciones a futuro no integran el concepto de suficiencia al que se refiere el art. 25.4 de la Ley de Aguas, en tanto que este requisito ha de darse en el momento en que se aprueba el Plan... Centrado el concepto de la suficiencia en el ámbito de los recursos existentes en el momento de la aprobación de la actuación urbanística, la cuestión que se plantea es si ha de existir disponibilidad del recurso hídrico para llevar a cabo la actuación en cuestión. En este punto, y aunque tanto la Ley de Aguas como la Ley del Suelo de 2008 se refieren al concepto de "suficiencia", parece que el mismo se utiliza en forma amplia, de forma equivalente al de disponibilidad, puesto que se exige que los recursos sean suficientes "para satisfacer demandas", lo que implica que ha de existir el recurso y ha de tenerse disponibilidad sobre el mismo...

En estos casos se viene utilizando con relativa frecuencia la técnica de la supeditación o aprobación condicionada a que se obtenga finalmente la concesión sobre los recursos hídricos. Supuesto éste distinto al de condicionamiento de la aprobación a la obtención del informe previo de la Confederación Hidrográfica al que se ha hecho referencia anteriormente, ya que en este caso la ulterior obtención del título concesional puede determinar la pérdida de objeto del recurso en caso de que se impugne la aprobación"...

Como SSTS más recientes sobre estas cuestiones, debemos dejar constancia de las de 11 de octubre y 8 de noviembre de 2016 (RRCC 2737/2015 y 2628/2015)... De lo anterior se infiere, con relación al supuesto de autos analizado, la ausencia de disponibilidad de agua por medio de las correspondientes concesiones que, como bien se expresa en la sentencia impugnada, se encuentran en tramitación. Esto es, en el supuesto de autos fue emitido el preceptivo y vinculante informe por la Confederación Hidrográfica competente, pero de su contenido ---en ello no acierta la Sala de instancia--- no se deduce la existencia y disponibilidad de recursos hídricos en la forma en la que la jurisprudencia los ha venido exigiendo de conformidad con la interpretación que se realiza del artículo 25.4 del TRLA. Es posible la existencia de agua para el municipio, e, incluso, su disponibilidad material, pero, desde la perspectiva urbanística que nos ocupa ---y en un obligado marco de legalidad--- no se ha acreditado, ni en el informe, ni con cualquier otro medio de prueba, la disponibilidad jurídica de la misma, ya que en el momento de la aprobación del planeamiento no existía plena suficiencia y disponibilidad de recursos hídricos para el abastecimiento de agua al municipio de Monterrei".

Pois ben, un análise de tales fallos –cunha interpretación conxunta/sistemática/teleolóxica- amosa que non é extrapolable a súa tese o caso de Silleda, en absoluto, en canto no fondo se refiren a unidades de actuación, novas urbanizacións, a cubrir a demanda de auga que xeneraría o Plan Xeral, o cal non concorre na situación silledense. O que sostén o TS é que non está xustificado ese incremento de solo urbanizable, co correlativo poboacional, e que, ademais, non consta a concesión administrativa de augas. No noso caso, en 1º lugar, xa é un feito demostrado que o organismo responsable da aprobación definitiva –a D. Xeral Urbanismo- non cuestiona que o PXOM proxecte un aumento inxustificado ou excesivo de solo urbano ou urbanizable, unha nova ou apreciable demanda de auga para os futuros residentes, polo que non se da o primeiro dos requisitos da doutrina xurisprudencial, e, en 2º lugar, a maior abundamento, tanto Silleda coma Bandeira dispoñen de documentación da traída de augas que se comezou no ano 1.959, segundo descrición mais detallada que segue a continuación. Si a primeira disquisición pode entrar no ámbito da dúbida ou cuestionabilidade pola súa inconcreción ou interpretación semántica, a segunda xa non.

Visto desde outra perspectiva, sería absurdo, irreal, notoriamente desproporcionado e tamén ilegal –na particular visión do solicitante- que se tivera que tramitar unha nova concesión administrativa como pretenden AUGAS de Galicia e Dirección Xeral, nunha lectura hiperformalista desa sentenza e na

situación de “impase”, aínda non definitiva, na que nos atopamos, se aclara, nun Concello que executou as dúas traídas de augas, de acordo coa lei vixente no seu tempo, e, coma detalle redundante, coa participación de altas autoridades de distintos ámbitos –Ministerios do Goberno de España, Deputación, Goberno Civil e Xunta de Galicia-. Xa non foi Silleda quen tramitou o abastecemento as dúas poboacións, se debería dicir, senón os máximos organismos responsables da legalidade en España/Galicia, e cos seus técnicos e servizos xurídicos, entre os anos 1959 e 1987. Dito de outra maneira, cabe preguntarse si existirá alguén que pretenda cuestionar a legalidade das traídas, esa concesión de augas de Silleda e Bandeira. Ese sería o punto neuráxico no análise xurídico obxecto deste debate. Reflexión: non é cuestionable. Quen a poña en dúbida, que vaia a discutila aos Tribunais, sen afectar a aprobación do PXOM.

A conclusión faise evidente: aínda que bastaría co 1º requisito –non incremento de chan para urbanizar inxustificado-, este Plan Xeral compre cos dous –tamén a concesión de augas, a dispoñibilidade xurídica do recurso hídrico, que esixe o TS-, do que se desprende o reiterado: **o PXOM de Silleda SI “obedece ao criterio xurisprudencial fixado polo T.S. tralas sentenzas de nº 2577/2016 e 278/2017”**, polo que procede a aprobación definitiva do PXOM pendente desta cuestión.

II.4. Captacións/rede subministro de Bandeira e Silleda que “non estaban legalizadas”.

O Goberno municipal tivo coñecemento de que as captacións/rede subministro de Bandeira e Silleda “non estaban legalizadas”, mais en concreto logo da notificación de data 17/06/017. Así, por primeira vez, a Dirección Xeral, instada por AUGAS de Galicia, se dirixe ao Concello para lembrarlle esa insuficiencia, en Xuño do 2017, 14 meses despois de presentar o PXOM na Consellería, trala aprobación provisional plenaria de 18 Marzo 2016 e inicial en 18-12-2012, baseando AUGAS o informe negativo –que anteriormente foi favorable, compre destacar-, logo do “*criterio xurisprudencial fixado polo T.S. tralas sentenzas de Verin/Monterrei, nº 2577/2016 e 278/2017*”.

II.5. DOCUMENTACIÓN DA TRAIDA DE AUGAS A SILLEDA E BANDEIRA. Proba da concesión administrativa.

Citando o texto do propio T. Supremo, se trata de demostrar: “*la disponibilidad jurídica de agua por medio de las correspondientes concesiones*”. Revisado o arquivo, atopouse a documentación acreditativa desa dispoñibilidade xurídica de auga mediante os expedientes de traída/abastecemento e correlativas concesións.

II.5.1. Silleda. En síntese, refiren que o Abastecemento de Auga a Silleda foi iniciado en data 3-10-1958 a traveso do Goberno Civil de Pontevedra e Ministerio de Obras Públicas, xunto coa Deputación, que as obras deron comezo o 14 de Maio de 1959 e remataron o 3 de Abril de 1961, segundo Proxecto redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. RAMON LOPEZ ARCA, e continuado/ampliado no 1965 por outro confeccionado por JUAN LLANSO DE VIÑALS. Como curiosidade histórica o expediente iniciouse por acordo da Deputación en Pleno celebrado o 30 de Agosto de 1952, no que a Institución Provincial comunicaba a 17 concellos pontevedreses a súa colaboración para financiar o abastecemento de augas, de acordo coas obrigas da Lei de Réxime Local de aquel tempo. Consta que se incorporaron a ese Plan: A Garda, Pontearreas, Silleda, Redondela, Lalín e Sanxenxo. Para evitar profusión de datos, me permito ilustrar este capítulo legal coa Acta de Recepción das obras efectuada o 3 de Abril de 1961, nos que constan as autoridades/organismos seguintes:

- DELEGADO PROVINCIAL DE LA VIVIENDA
- INGENIERO DE OBRAS PUBLICAS (Ministerio Obras Públicas)
- REPRESENTANTE INTERVENCION DEL ESTADO (Gobierno Civil)
- INSPECTOR DE OBRAS DE LA COMISION DE SERVICIOS TECNICOS
(Se deduce que era o organismo de cunca)
- ALCALDE DE SILLEDA
- INGENIERO DEL PROYECTO
- CONTRATISTA

As obras consistiron nun trazado de 100 mt. lineais de galería filtrante no monte “El Penido” para a captación, e 2.440 mt ata o depósito regulador, cunha capacidade de 240 m³ (Dice o Enxeñeiro: “está ...bien situado en cuanto a su fácil acceso..., distaría unos 3 Km. de la capital por la carretera de Silleda a Carballino y el camino a Siador, practicable para vehículos automóviles...”). A arteria de subministro son 1.000 + 1.530 mt. ata o primeiro ramal de distribución. Tamén se construíron ramaxes a Siador e Sestelo. As augas proceden do “...manantial que da origen al río Siador que brota en un cuenco del monte El Penido y que ha dado al aforarlo un caudal superior a los 8 lt. por segundo”. Cálculo caudal instantáneo: $Q = 1.371 \times 150 / 10 \times 3.600 = 5,71$ lt/segundo. A previsión do número de habitantes pasaba de 1.068 no ano 1954 a 1.593 estimados na década 70/80, e o volume necesario de auga diario sería de 238.950 lt. cun caudal de 2,763 lt/seg.

II.5.2. Bandeira. En A Bandeira o proxecto se denominou “Captación de Agua, construcción de fuente y abrevadero en Bandeira”. Comezouse o 23 de Abril de 1.959 e se culminou o 7 de Abril de 1.960, con cargo ao Plan de Cooperación Provincial 1959-1960, cun Orzamento de 369.698,16 ptas. (Edicto no BOP nº 98 de 29-04-1959). Logo, en data 10 Outubro 1972, de adjudicou a obra de “Saneamiento Urbano de Bandeira-Silleda” cun orzamento de 3.825.000 ptas. Seguidamente fíxose unha ampliación e redactouse un primeiro Proxecto en Decembro de 1983 denominado “Abastecimiento de agua a Bandeira desde el río Toxa” por parte da Confederación Hidrográfica del Norte de España. Posteriormente se efectuou a transferencia das competencias en materia de augas a Xunta de Galicia, que supuxo un atraso da obra –así o asegura o seu responsable, Ingeniero-Jefe Provincial da Consellería-, actualizándose o Proxecto en data 29 de Xullo de 1.987, xa pola Xunta, cun presuposto de 32.359.499 ptas. Aprobouse en Pleno de 31-Xullo-1987, redactado polo Enxeñeiro Alfonso Rasiña Buhigas, publicado o Edicto de información pública no BOP de 28 Agosto 1.987. Incluía unha estación de tratamento financiada pola Dirección General de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas, por certo.

Neste caso consta expresamente que a mesma XUNTA, a traveso da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, se encargou do Proxecto, da súa tramitación e cofinanciou a execución da obra de maneira directa. En definitiva, a Administración competente en materia de augas non só **outorgou a concesión administrativa**, senón que participou directamente na execución das obras. Por riba, hai que poñer énfase en que a Confederación Hidrográfica del Norte de España, a titular das concesións (hoxe AUGAS de Galicia), elaborou o primeiro Proxecto, algo que debe constar nos seus propios arquivos.

Regresando o texto do T. Supremo, se trata de demostrar: “*la disponibilidad jurídica de agua por medio de las correspondientes concesiones*”. **Quedou demostrada de xeito fehaciente**, pola documentación citada, **que Silleda e Bandeira teñen esa dispoñibilidade xurídica de auga por medio das correspondentes Captacións/e rede de subministro.**

III. AUGAS DE GALICIA/CONSELLERIA REXEITAN A DOCUMENTACIÓN DAS CAPTACIONES (agora se reclama o rexistro da concesión)

III.1. ULTIMO E GRAVE INCIDENTE: AUGAS de GALICIA, sorpresivamente, rexeita a documentación das captacións de Auga de Bandeira e Silleda.

Último informe de AUGAS, rexistro central XUNTA nº 128/Rx 40593, de 14 Xaneiro 2019, con esta conclusión:

Dito canto antecede, procede afirmar que no Rexistro de Augas non consta inscrita a Concesión para o aproveitamento de augas públicas a prol do concello de Silleda con destino ao abastecemento de Silleda e Bandeira. Nin tampouco tivo acceso ao Rexistro de Augas título algún que amparase o aproveitamento por calquera das vías contempladas na DT primeira da LA 1985 (tamén recollida no vixente TRLA) a prol do Concello de Silleda

Logo de atopar no Rexistro Municipal e de remitir a documentación acreditativa da existencia desa legalización/tramitación, **engadindo, de xeito irrefutable, que están demostradas documentalmente esas concesións administrativas desde o ano 1959 e seguintes** (Explicitamente no caso de Bandeira, a Confederación Hidrográfica del Norte de España, Administración competente, hoxe AUGAS de Galicia, elaborou o primeiro Proxecto, sendo executada a obra de ampliación pola propia XUNTA, a traveso da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas), o citado organismo, en notificación con nº Gestiona/Admnón Electrónica: 2018-E-RC-1028 e data de rexistro: 14 de maio de 2018, nos comunica a negativa a informar favorablemente o PXOM, en resumo e textualmente, coa esta conclusión:

“...a documentación achegada é insuficiente para acreditar a titularidade do dereito de aproveitamento algún sobre augas públicas a prol do concello de Silleda, xa sexa en virtude de concesión ou prescrición adquisitiva”

En definitiva non lles serve de nada que 4 Ministerios do Goberno Central, mais a Deputación, mais o Goberno Civil, tramitaran a traída de augas a Silleda no ano 1959 –aínda que non o discuten, iso si- e tampouco lle dan valor a que, no caso de Bandeira, a Confederación Hidrográfica del Norte de España, hoxe AUGAS de Galicia, elaborou o Proxecto, sendo executada a obra de ampliación pola propia XUNTA, a traveso da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

“*Papeleo sen transcendencia*”, en termos irónicos, con tódolos respectos e en ánimo de defensa, xa que non figura rexistrada a concesión. Falta ese trámite... Tal é o lamentable resumo logo de 3 anos da aprobación plenaria provisional. Non o dixeron, NUNCA. O plantearon no 2017, e, dende entón, bloquean con esta actuación arbitraria, desproporcionada, a aprobación do PXOM, atentando contra os intereses xerais dos cidadáns de Silleda, desde a nosa perspectiva.

Inscripción meramente declarativa, non constitutiva do dereito. Ademais, sostemos que esta inscrición é meramente declarativa –coma a propiedade-, non constitutiva do dereito –unha hipoteca-, que nos outorga a Lei de Augas, máxime a unha Administración Pública que fixo o Abastecemento a Silleda e Bandeira de acordo coa lexislación vixente nos anos 1959 e seguintes. Pero, sobre todo, se constata que en ningún momento, xamais, aludiu AUGAS a que faltara tal trámite, que tamén é a súa

obriga, xa que son os máximos responsables, en tanto lles corresponde o control, supervisión e disciplina das concesións. Tras non facer mención algunha nestes anos, agora pasaron, inesperadamente, no último segundo –e despois dunha reunión do Alcalde e Secretario con todo o *staff* de AUGAS, da que saíron convencidos que quedaba resolta a polémica-, a soste que informan negativamente o PXOM por tal suposta carencia.

Así, queda de manifesto un feito evidente: comezaron informado favorablemente, logo pasaron a desfavorable, primeiro porque había que legalizar tódalas captacións, o cal rectificaron diante das alegacións en contra municipais, seguidamente argüíron a sentenza do TS sobre o PXOM de Verín, seguidamente aceptaron verbalmente que si había documentación das traídas de augas a Bandeira e Silleda debería ser suficiente para dar o visto bo, e, finalmente, agora, ¡2 anos despois da aprobación provisional informan desfavorablemente o PXOM porque as traídas de augas de Bandeira e Silleda non foron inscritas no prazo establecido de 01-01-1986 a 01-01-1989! tras a entrada en vigor da Lei de Augas (e xa pasaron mais de 30 anos, dito sexa de paso, cuestión non baladí).

Tamén procede a aclarar que nas últimas reunións de Alcalde e técnicos municipais a Secretaria Xeral nos asegurou reiteradamente que cando AUGAS informara a favor se aprobaría o PXOM, precisión que queremos deixar clara: a Consellería sostén que o único problema é o informe de AUGAS, organismo que, en definitiva, está bloqueando tal aprobación.

As rectificacións e o bloqueo de AUGAS de Galicia. En conclusión, consta a proba indubidable do proceso seguido por AUGAS de GALICIA: primeiro informou favorablemente o PXOM, aínda que con observacións, en ditame de data 10 Outubro de 2013, logo pasou a informar desfavorablemente, en base a que había que legalizar as traídas particulares –notificacións de 02/06 e 17/07/2017-, dando marcha atrás en ese punto diante das protestas do concello, seguidamente pasou a esixir a demostración dos recursos hídricos, que foi contestada polo concello presentando a documentación que acreditaba a tramitación das captacións e subministro de auga xa facía mais de 50 anos, e, finalmente, tamén rectifican diante desa proba, pero, de xeito incomprensible, agora se amparan en que “sí, pero claro, e que falta a inscrición”. Todo un proceder que revela a anomalía da súa actuación neste caso. Cando é o organismo responsable das inscricións rexistradas, queda, ademais, demostrado que nunca demandaron tal cumprimento ó concello durante estes 50 anos, o que estaban legalmente obrigados, do que deriva que a responsabilidade recae unicamente en AUGAS, e pretende derivala ao municipio, bloqueando, para maior e grave inxustiza, a aprobación do PXOM.

III.2. Referencia sobre o aproveitamento das augas desde tempo inmemorial, co dereito recoñecido ao seu desfrute durante 75 anos (Disp.Tr. 1ª RDL 1/2001, desde o 2-08-1985).

A Lei de Augas 29/1985, publicada o 2 de Agosto, que logo das modificacións posteriores, reconverteuse en RDL 1/2001, prohibiu a adquisición por prescrición adquisitiva do dereito o uso privativo do dominio público hidráulico –admitindo só a concesión ou por disposición legal -, pero, diante da necesidade, e coa intención de compatibilizar o novo réxime cos dereitos adquiridos dos usuarios que viñan desfrutando con anterioridade ese uso, a Disp. Trans. 1ª lles permite seguir con ese aproveitamento ata un prazo máximo de 75 anos, así como a posibilidade da súa legalización mediante a inscrición do mesmo no Rexistro Oficial pertinente, neste caso no Organismo anterior, ou en AUGAS de GALICIA, como titular actual desa competencia.

Pois ben, este é, desde a óptica municipal, o caso de Bandeira e Silleda, que levan desfrutando/aproveitando a auga das súas captacións desde os anos 50/60, polo que unha razoable conclusión legal supón que teñen dereito a ese aproveitamento polo prazo de 75 anos, computados desde o 2 Agosto de 1985, ou sexa ata o 2060, aínda que o mesmo non foi formalmente rexistrado, rexistro meramente declarativo e non constitutivo do dereito.

Nese contexto só se pode considerar a non inscrición como una mera irregularidade non invalidante, en ningún caso coma un trámite que supoña nulidade do dereito de aproveitamento. Razoando a inversa, xa que se sostén tal tese, se debería actuar en coherencia e en consecuencia: declarar a ilegalidade das captacións/abastecementos de Bandeira e Silleda, o cal non se fixo. De aí que si Administración competente tolerou esta situación durante tantos anos, tamén son responsables. O que hai que engadir, desde outra perspectiva, que tal presunta infracción estaría prescrita, motivacións xurídicas de profundo calado a favor da tese municipal.

Regresando o texto do T. Supremo, se trata de demostrar: *“la disponibilidad jurídica de agua por medio de las correspondientes concesiones”*. **Queda demostrada de xeito fehaciente, pola documentación citada, que Silleda e Bandeira teñen esa dispoñibilidade xurídica de auga por medio das correspondentes concesións.**

Chegados a este punto da cuestión de fondo que impide a aprobación definitiva do PXOM, a necesidade de informe positivo de AUGAS, sobre a inscrición rexistral da captación, procede, a seguinte:

IV. CONCLUSION-RESUMO

IV.1. Tramitación pendente. Concretando, a día 26 Xaneiro do 2018, a aprobación definitiva do PXOM de Silleda, segundo nos comunica a Dirección Xeral, estaba pendente dos trámites administrativos seguintes:

- Dilixenciar polo Secretario o Proxecto e Cartografía en formato dixital.
- Certificado de silencio positivo no Informe de Patrimonio.
- Informe do Ministerio. (Telecomunicacións).
- Informe de AUGAS de GALICIA (O substancial, coa necesidade de que sexa positivo, vinculante para a Dir. Xeral).

Documentación completa. Todos foron cumprimentados. O mais importante, o Informe do Ministerio de Economía y Empresa (Dirección Xeral de Telecomunicacións), que era negativo, e debía adaptarse a nova lexislación na materia, foi rectificado –logo da documentación enviada polo concello- en data 21-Xaneiro-2019, INFORMANDO FAVORABLEMENTE O PXOM.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 35,2 de la Ley 9/2014, de 9 de mayo, General de Telecomunicaciones, y a la vista de los cambios efectuados por el CONCELLO DE SILLEDA según el informe del Ministerio de Economía y Empresa de fecha 09/07/2018, se emite **informe favorable** en relación con la adecuación de dicho PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE SILLEDA (PONTEVEDRA) a la normativa sectorial de telecomunicaciones.

Queda, deste xeito, na data de hoxe, un único trámite pendente: que AUGAS de GALICIA informe positivamente o PXOM.

IV.2. A Dirección Xeral de Urbanismo e AUGAS de Galicia esixiron, primeiro, a “suficiencia de recursos hídricos” e a “dispoñibilidade xurídica acreditada a través do correspondente título administrativo concesional”, imprescindible para aprobar definitivamente o PXOM, recorrendo a dúas sentenzas do T.S., claramente inaplicables a este caso, xa que a D. Xeral non considera que haxa un incremento excesivo de solo urbanizable e cunha captación/subministro de augas en Bandeira/Silleda existente desde tempo inmemorial (anos 50/60), engadindo, xa de xeito irrefutable, que están demostradas documentalmente esas concesións administrativas desde o ano 1959 e seguintes. (Explicitamente no caso de Bandeira, a Confederación Hidrográfica del Norte de España, organismo competente para tales concesións (hoxe AUGAS de Galicia), elaborou o primeiro Proxecto, sendo executada a obra de ampliación pola propia XUNTA, a traveso da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

En todo caso, xa é unha proba demostrada, que tiveron que rectificar, e agora xa non é ese o problema, senón, unicamente, a inscrición rexistral.

IV.3. Logo de demostrar que existían as captacións e que estaba legalizado o subministro, sorpresivamente, AUGAS de Galicia argumenta que si existe a captación, efectivamente, pero agora o que falta é a inscrición rexistral, quedando deste xeito probado que o organismo titular do rexistro nunca reclamou o concello durante 50 anos para que se corrixa tal falta, converténdose por elo no máximo responsable da falta dese trámite, que usa, para maior inxustiza, para impedir a aprobación do PXOM, e logo de dúas rectificacións previas.

Partindo dos antecedentes e consideracións anteriores, en aplicación do disposto no art. 85.7, apartado a, b e c da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (LSG), e concordantes, a Xunta de Goberno Local,:

ACORDA:

Primeiro. Aprobación definitiva. Interesar a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio que aprobe definitivamente o PXOM de SILLEDA, de acordo co Art. 85.7.a da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, baseando esta solicitude en que xa esta completado o expediente, debidamente acreditado documentalmente, máxime logo de 36 meses de trámites posteriores a aprobación provisional, sendo carente de suficiente rigor xurídico argüir coas sentenzas nº 2577/2016 e 278/2017 do T.S., en canto non son homoxéneas, senón dispares e diverxentes os casos de Monterrei/Verín e Silleda, o que hai que engadir, cun especial énfase, a proba documental aportada dos abastecementos en Bandeira e Silleda. Aínda que se viron obrigados a rectificar –algo lamentable despois de 2 anos desta controversia-, a esixencia final de que falta a inscrición rexistral das captacións, nunca pode ser motivo para non aprobar o PXOM, xa que é moi custionable –no peor dos supostos se trataría dunha “irregularidade non invalidante” en termos de dereito urbanístico-administrativo-, como mínimo, e, en todo caso corrixible, amén da responsabilidade que compete ao titular dese Rexistro, AUGAS de Galicia, reiterando a súa desproporcionada actuación e, no suposto que se efectuara a aprobación, obviamente, se retiraría de inmediato o futuro recurso diante do TSXGa.

Segundo. Aprobación parcial. Subsidiariamente, que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio aprobe parcialmente o PXOM de SILLEDA de acordo co Art. 85.7.a, en canto sostén tal artigo que “ a

aprobación poderá ser parcial cando as deficiencias só afecten a determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o Planeamento se pode aplicar con coherencia". Neste suposto a legalización da captación/concesión de augas de Bandeira-Silleda, que xa está demostrada documentalmente a súa existencia, polo que pode aprobarse o Plan, que quedaría con ese "fleco" pendente de cumprimentar e que non afectaría a coherencia e eficacia/execución do mesmo, en modo algún.

Terceiro. Delegación. Subsidiariamente, de non proceder as anteriores, o Concello non pode perder mais anos nesta inútil polémica, **polo que DELEGA EXPRESAMENTE na Dirección Xeral de Urbanismo as xestións pendentes para a aprobación definitiva.**

Cuarto. Solicitud de inscrición rexistral a AUGAS de Galicia. En todo caso, xunto con este Requirimento **se pide expresamente a AUGAS de GALICIA que se proceda a referida inscrición tomando como base da mesma a documentación das captacións e abastecemento de Bandeira e Silleda** que xa se lles entregou en formato papel e escaneada, quedando o seu dispor para calquera trámite posterior que necesiten. Todo elo para que quede a debida constancia da vontade municipal de efectuala –e non aleguen que nos negamos- diante do Tribunal Superior de Xustiza.

9º.- RECOÑECIMENTO DE ANTIGÜEDAD.

9.1.- Expte 667/2019. Dase conta do escrito presentado por ANTONIO GARCÍA VARELA, Rexistro de Entrada nº 1363, de data 03 de abril de 2019, presentando reclamación previa en materia re recoñecemento de dereito (antigüedad e carácter indefinido da relación laboral), e solicitando o recoñecemento tanto da data de antigüedad de 01-08-97 como o carácter indefinido da relación laboral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**, unha vez realizado o cálculo tal como consta na base de datos, recoñecer a Antonio García Varela unha antigüedad dende o 22 de abril de 1998, por existir períodos intermedios sin relación laboral.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 05 de abril de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo